

## PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLOS E FILLAS MENORES DE TRES ANOS

ANO 2010

Orde de 3 de maio de 2010  
D.O.G. nº 87 do 10 de maio de 2010

Para nenas/os nadas/os entre o 02/01/2007 e o 01/01/2010, inclusive.  
O prazo de presentación remata o 19 de xuño.

**Requisitos:** Ter a residencia habitual en Galicia, que na data da solicitude os nenos/as convivan coa persoa solicitante e non ter uns ingresos considerados de forma individual ou conxunta, según a opción de tributación elixida, superiores a 22.000 €

### DOCUMENTOS BÁSICOS PARA SOLICITAR ESTA PRESTACIÓN FAMILIAR

#### NOVAS SOLICITUDES:

- a) Fotocopia do libro de familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil de cada un dos fillos/as menores de 3 anos.
- b) Certificado de empadramento conxunto (**certificado de convivencia**) de toda a unidade familiar.
- c) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- d) Nos supostos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela
- e) Fotocopia da folla da cartilla de aforros na que figure o nº de conta na que se desexe recibir o ingreso e na cal deberá figurar como titular a persoa que asina a solicitude. No caso de non dispoñer de cartilla de aforros, poderá presentarse unha certificación bancaria que indique expresamente que a persoa solicitante é titular da conta á que se refire.
- f) Anexo I (impreso de solicitude).
- g) Anexo II (declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas por este mesmo concepto por calquera Administración pública, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades).

#### SOLICITUDES PARA PERSOAS BENEFICIARIAS NO ANO 2009 QUE NON TEÑAN SOLICITADAS NIN CONCEDIDAS OUTRAS AXUDAS POR ESTE MESMO CONCEPTO:

a) Só presentar a solicitude formalizada no modelo oficial (anexo I). ESTO SERÁ VÁLIDO, SEMPRE E CANDO, NON SE MODIFICASEN AS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS DETERMINANTES DO DEREITO Á PRESTACIÓN.

Se se elimina algún dos progenitores que figuraba no 2009 deberá acompañar a xustificación documental correspondente:

- En caso de separación, copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- No caso de parellas de feito certificado de empadramento conxunto de toda a unidade familiar ou informe dos servizos sociais
- En caso de falecemento, certificado de defunción ou copia da folla do libro de familia onde figura tal circunstancia.